

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2981 *Real decreto 84/2021, do 9 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas para a aplicación do artigo 167 bis do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, regulador das normas de comercialización do aceite de oliva.*

O artigo 167 bis do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, introducido polo Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de decembro de 2020, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013, (UE) n.º 1306/2013 e (UE) n.º 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e á súa aplicación nos anos 2021 e 2022, e o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 no que respecta aos recursos e á distribución da dita axuda nos anos 2021 e 2022, determina que os Estados membros poderán establecer no sector oleícola normas de comercialización para regular a oferta, co fin de mellorar e estabilizar o funcionamento dos mercados oleícolas.

O sector de aceite de oliva é un dos principais sectores da produción agroalimentaria española, cunha produción media anual de 1,35 millóns de toneladas, pero con campañas récord que chegaron a 1,8 millóns de toneladas, como a recente 2018/2019. Trátase, ademais, dun cultivo presente en case todas as comunidades autónomas, cun mercado carácter social nalgúns rexións de España onde desempeña un papel fundamental para a economía das zonas rurais.

A produción oleícola, malia os avances tecnolóxicos, é moi dependente da climatoloxía, o que orixina unha marcada alternancia produtiva ou un carácter aneiro do cultivo entre campañas, que xera unha gran volatilidade dos prezos, cunha clara incidencia na viabilidade económica das explotacións oleícolas e a supervivencia das rexións produtoras. Esta variabilidade rexistrouse con especial incidencia no último decenio e é previsible que se manteña, ou mesmo se agudice, dado que as estimacións dos efectos do cambio climático en España apuntan a unha maior presenza de fenómenos meteorolóxicos extremos no futuro.

Adicionalmente, nos últimos anos incrementouse significativamente a superficie de cultivo de oliveiral, cunha forte presenza de plantacións intensivas cuxa plena entrada en produción fai previsible o aumento dos niveis medios de produción, nun contexto de demanda mundial estable. Isto motivou, ademais, a existencia dunha marcada dicotomía entre o oliveiral intensivo e o oliveiral tradicional con menor produtividade, pero con importantes externalidades positivas desde o punto de vista social e ambiental.

Por todo isto, trátase dun sector agrario en que, pola súa idiosincrasia, existe un claro risco de desequilibrio no mercado nacional e, en particular, naquelas campañas en que as dispoñibilidades se incrementen significativamente respecto das campañas anteriores.

Esta situación fai necesario regular os requisitos e o contido dunha norma nacional de comercialización para o aceite de oliva que, logo de consulta ás comunidades autónomas e aos representantes do sector, se activará cando a situación de mercado o faga necesario, co fin de favorecer a súa estabilidade. Esta actuación de reequilibrio do mercado, proporcionada e adecuada aos fins que se perseguen, existe xa en termos similares noutros sectores como o vitivinícola e permitirá anticiparse ás eventuais tensións do mercado que se producen.

Cómpre, polo tanto, que o sector do aceite de oliva poida aplicar en situacións de claro risco de desequilibrio de mercado aquelas medidas que permitan regular a oferta co fin de mellorar e estabilizar o funcionamento dos mercados oleícolas e, en particular, a medida de retirada temporal do produto e/ou de destino a uso non alimentario.

Este real decreto establece o tipo de produto e os destinatarios que poden ser obxecto da dita medida, así como os aspectos básicos dunha posible norma de comercialización para a súa activación. As circunstancias de mercado para a súa posta en marcha estarán baseadas en criterios técnicos obxectivos cuxa efectividade e ausencia de impactos negativos na competencia estean contrastados. Todo isto, co coñecemento previo por parte dos operadores e a necesaria seguridade xurídica e transparencia respecto ao funcionamento e activación dos mecanismos pertinentes, así como a posible interacción con outros instrumentos previstos na normativa comunitaria.

Así mesmo, os últimos acontecementos no ámbito internacional, que xeraron claras repercusións e incerteza sobre o mercado oleícola, fan necesario que se consideren aquelas situacións de mercado excepcionais e imprevistas que poidan supor un claro risco de desequilibrio.

Co fin de lograr unha resposta máis axustada á situación de mercado de cada campaña, as comunidades autónomas deberán comunicar as súas estimacións de existencias iniciais e previsións de produción a nivel provincial para a campaña a unha determinada data.

En calquera caso, non deben ser menoscabadas outras posibles medidas de regulación que axuden a cumprir os obxectivos perseguidos na aplicación do artigo 167 bis e que puidesen chegar a ser desenvolvidas no futuro, como a regulación do rendemento de extracción de aceite, a fixación dun rendemento máximo de oliva por hectárea ou a planificación da produción mediante a colleita temperá, unha medida que transcendería o carácter conxuntural de reequilibrio de mercado mellorando a comercialización do aceite de oliva con base na súa calidade e un maior potencial de mercado. Estas medidas poderán ser abordadas en normativa sucesiva e priorizadas segundo as necesidades da situación sectorial.

En definitiva, trátase con este real decreto de aprobar a regulación dunha norma de comercialización que sexa cognoscible para o conxunto do sector e as administracións, garanta a seguridade xurídica e permita unha aplicación flexible das medidas en función dos requisitos fixados nel e das características produtivas dun sector esencial para o campo español, co ánimo último de asegurar o valor engadido do aceite, a mellor repartición de renda social e territorialmente, e a sustentabilidade das explotacións.

Na elaboración deste real decreto observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os principios de necesidade e eficacia, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, en canto a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e de transparencia ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración, evitándose cargas administrativas.

Durante a tramitación desta disposición consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer, no sector do aceite de oliva, as normas básicas para a aplicación do artigo 167 bis do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007, regulador das normas de comercialización para mellorar e estabilizar o funcionamento do mercado común do aceite de oliva.

Esta norma é de aplicación a todos os olivicultores de oliva destinada a aceite de oliva e aos operadores que elaboren, almacenen ou comercialicen aceites de oliva e aceite de bagazo de oliva en España.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos do presente real decreto, serán de aplicación as definicións recollidas no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Produto: aceite de oliva procedente da oliva de muíño de aceite (*Olea europea L.*), e aceite de bagazo de oliva.

b) Muíño de aceite: a industria ou instalación onde se obtén o aceite de oliva virxe por medios mecánicos ou físicos a partir da moedura das olivas, froitos enteiros e crus de *Olea europea L.*

c) Outros tedores con instalacións: persoas físicas ou xurídicas que almacenan os aceites de oliva, incluído o aceite de bagazo de oliva.

d) Envasadora: a industria ou instalación onde se realiza o envasado dos aceites de oliva, incluído o aceite de bagazo de oliva con destino á alimentación humana.

e) Refinaría: a industria ou instalación onde se realiza a refinación dos aceites de oliva, incluído o aceite de bagazo de oliva con destino á alimentación humana.

f) Extractora de bagazo: a industria ou instalación destinada á actividade de obtención ou extracción, por procedementos físicos ou químicos, dos aceites de bagazo de oliva crus a partir de bagazos graxos. Inclúense aquelas instalacións que só realizan a actividade de secado de bagazo graxo húmido procedente da moedura de olivas crúas e enteiras.

Artigo 3. *Establecemento e requisitos da norma de comercialización.*

1. Mediante orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando as condicións de mercado o xustifiquen, e unha vez consultadas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector de ámbito nacional, poderán establecerse normas de comercialización que teñan como obxectivo regular a oferta para mellorar a estabilidade e funcionamento do mercado do sector do aceite de oliva para unha campaña de comercialización determinada.

2. A norma de comercialización disporá a retirada de produto até a campaña seguinte e/ou o destino a uso non alimentario, e deberá especificar o tipo de produto afectado.

3. A súa aplicación xustificarase e documentarase adecuadamente, tanto na necesidade da súa execución como na proporcionalidade da súa adopción con base na situación de mercado, mediante un diagnóstico da situación de mercado presente e da súa previsión ao longo da campaña, así como dos efectos que se esperan conseguir coa medida. Igualmente, a medida estará suxeita a unha avaliación e seguimento dos efectos conseguidos.

En concreto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación analizará as estimacións de existencias iniciais e previsións de produción para a campaña obxecto de aplicación das normas de comercialización, a partir da información dispoñible no Sistema de

información dos mercados oleícolas (SIMO) e as comunicacións realizadas polas comunidades autónomas para considerar a pertinencia da súa aplicación nunha determinada campaña. Así mesmo, consideraranse aquelas situacións de mercado excepcionais e imprevistas que poidan supor un claro risco de desequilibrio de mercado.

O citado ministerio poderá presentar unha proposta de norma de comercialización ante as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector de ámbito nacional e, unha vez recibidas as alegacións ao respecto dos organismos involucrados, poderá aprobar a orde ministerial que conterá a norma de comercialización para unha campaña determinada, como máis tarde o 31 de outubro, logo aa tramitación oportuna, que conterá o preceptivo ditame do Consello de Estado.

4. A norma de comercialización terá que axustarse proporcionalmente ao obxectivo perseguido e respectar os límites establecidos nas letras a), b) e c) do número 1 do artigo 167 bis do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e publicárase no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 4. *Contido da norma de comercialización.*

A norma de comercialización deberá conter os seguintes elementos con base no establecido no número 3 do artigo 3:

- a) Obxectivo.
- b) Campaña de comercialización a que se lles aplicará.
- c) Rexión ou rexións de produción onde se aplicará, en función dos criterios recollidos no artigo 3.3.
- d) Cantidade de produto afectado pola norma.
- e) Produto/s e/ou categorías de produto/s a que se lle aplicará a norma.
- f) As instalacións e operadores elixibles e, se for o caso, excepcións.
- g) Obrigacións das instalacións e operadores e, se for o caso, excepcións.
- h) Obrigacións doutros operadores do sector e, se for o caso, excepcións.
- i) Data de entrada en vigor das medidas de regulación de mercado.
- j) Controis específicos que se determinarán en función do seu obxectivo e finalidade.
- k) Mecanismos de avaliación e seguimento dos efectos pretendidos.

Artigo 5. *Comunicación das estimacións de produción.*

Co fin analizar a situación de mercado de cada campaña, as comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as estimacións de existencias iniciais e as previsións de produción para cada campaña, como máis tarde o 30 de setembro.

Durante o transcurso da campaña as comunidades autónomas poderán comunicar ao ministerio un cambio de estimacións de existencias iniciais e de previsións de produción de acordo coas condicións agroclimatolóxicas desa campaña.

Artigo 6. *Controis.*

1. Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas realizar os controis oficiais para comprobar o cumprimento das normas de comercialización que se desenvolvan.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará, en coordinación coas comunidades autónomas, un plan de control da norma de comercialización.

Artigo 7. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento da norma de comercialización, as persoas físicas ou xurídicas responsables das ditas instalacións serán obxecto de sancións establecidas segundo a normativa propia de cada comunidade autónoma ou, se for o caso, a normativa nacional aplicable.

Así mesmo, será de aplicación o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

Artigo 8. *Deber de comunicación á Comisión Europea.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicará á Comisión Europea o contido da norma de comercialización conforme o número 3 do artigo 167 bis do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias existentes, e non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2021.

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES